O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a un novo incumprimento por parte da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros para o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que, máis unha vez, os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. De novo @s profesionais do 061 denuncian que o helicóptero con base en Santiago non estará operativo desde o día 6 de xaneiro, data dende a que estará en Ourense para facer unha revisión/reparación. Segundo a información facilitada @s profesionais do servizo, o regreso é sine die, xa que non saben o tempo que pode levar as actuacións que lle teñen que realizar.

Esta situación ven a sumarse aos incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria no incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avarías.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre, toda a área norte de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos, que supón desatención ás emerxencias que poidan xurdir. A súa falta de actuación é unha mostra clara da connivencia coa empresa Eliance, concesionaria do servizo.

A Xunta ten que dar explicación de por que lle permite á empresa concesionaria dun contrato de máis de nove millóns de euros este incumprimento, máxime cando é reincidente. Ten que deixar de actuar de comercial das empresas que prestan servizos para o Sergas, deixar de por en risco a vida e a saúde d@s galeg@s, e polo tanto esixirlle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor e ter helicóptero de reposto.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Priorizar a saúde d@s galeg@s e non a conta de resultados da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros do 061.
- 2.- Esixirlle á empresa a contar cos recursos precisos para prestar o servizo de orto a solpor en todo momento e de helicóptero de substitución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Abrir un expediente sancionador á empresa por este incumprimento

4.- De non repoñer de inmediato o servizo do helicóptero na súa base de Santiago, ou producirse un incumprimento máis, proceder á rescisión do contrato á empresa Eliance, e tomar todas as medidas para que a Xunta non contrate de novo con esta empresa.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 09:58:33

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2025 09:58:37

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 09:58:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as condicións laborais das traballadoras das residencias privadas e a negociación do novo convenio colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras das residencias de maiores privadas, a inmensa maioría das existentes en Galiza, atópanse inmersas no proceso de negociación do novo convenio colectivo. Até o momento, non houbo acordo coa patronal do sector toda vez que a representación sindical e as propias traballadoras non ven na proposta formulada polas empresas unha mellora das súas condicións laborais.

Cómpre lembrar que as condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas son profundamente precarias, así a modo de exemplo e partindo de casos reais, hai traballadoras con contratos indefinidos e antigüidades superiores a dez anos que non perciben nin sequera o Salario Mínimo Interprofesional. Así mesmo, os complementos por nocturnidade ou festivos son pírricos tendo en conta o traballo que deben desenvolver.

Malia que se trata de empresas privadas a práctica totalidade delas reciben importantes cantidades de diñeiro público pola vía da concertación de prazas, un feito que esixe a implicación decidida da Xunta de Galiza na garantía dunhas boas condicións laborais e salariais das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a Consellaría de Política Social nin sequera as recibiu malia solicitarlle en setembro de 2024 unha xuntanza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Recibir unha representación das traballadoras das residencias de maiores privadas así como da súa representación sindical para coñecer de primeira man a situación na que se atopan e as súas demandas.
2. Solicitar unha xuntanza coa patronal do sector co obxectivo de mediar no conflito e promover unha mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras facendo valer a súa posición como autoridade laboral e máxima responsábel en materia de servizos sociais.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2025 10:02:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 10:02:21





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere o Sr. Rueda pero non os que necesita unha Galicia que sofre un atraso -en termos comparativos- respecto España, e que a propia Xunta de Galicia cifra en 6 anos.

Crecemos é certo, pero a un ritmo moito menor tanto a nivel macro como micro económico. Como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, informes da AIREF, informe FUNCAS o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1 % de crecemento interanual. Un punto menos. Segundo os derradeiros datos da EPA, o paro en Galicia baixou, pero a un ritmo 6 veces inferior á media.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país





entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.

Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego se reduza máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a Oficina económica no Igape, a sociedade Impulsa, ou doutros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

De novo, repítese o mesmo esquema ó que xa nos ten acostumados o Goberno galego: unha absoluta falta de eficiencia entre órganos interadministrativos que funcionan como illas desertas desconectadas. Iso si a propaganda e os anuncios funcionan moi ben. Pero se ollas cara a dentro, as cousas non funcional tamén





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:08
Nº Rexistro: 16451
Data envío: 09/01/2025 12:01:08,797

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que no presente ano se adopten medidas proactivas en política económica para que os datos de crecemento se acheguen ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1% de crecemento interanual.
2. No mercado laboral, o Goberno galego ha de promover políticas activas de emprego tendentes a evitar o despoboamento en moitas zonas do noso país, a fuxida de talento dos xoves formados para que os datos de poboación activa ocupada se aproximen o crecemento en comparación co conxunto de España. En Galicia, segundos os datos da EPA a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.
3. Aos efectos de favorecer a transparencia e a rendición de contas da nova Oficina económica de Galicia, se inste ao goberno Galego para que se envíe ao Parlamento con periodicidade trimestral un informe sobre as actividades desenvolvidas pola devandita Oficina.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:45:37

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:45:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57175

@PSdeG



CSV: BGPSJTRBQZDZ38R4Y9G4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:08
Nº Rexistro: 16451
Data envío: 09/01/2025 12:01:08,797

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2025 11:45:53

CSV: BGRISJTB9CZ2D38R4Y9G.4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57176

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego do PP leva anos vetando de xeito sistemático o envío de documentación solicitada polo Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do artigo 9, como se amosou durante a celebración da Comisión de investigación constituída para depurar responsabilidades políticas polas irregularidades detectadas na contratación pública do Goberno galego. Os socialistas de Galicia, pretendemos ser unha oposición útil e realista e fortalecer a nosa democracia e impulsar unha política máis transparente, limpa, honesta e propositiva ao servizo do interese xeral.

O Partido Popular de Galicia pola contra, non quere que se investigue nada de nada. Converteron a Comisión de investigación constituída para investigar as irregularidades na contratación pública nun auténtico paripé. Deixárona baleira de contido.

O PPdG é o partido político responsable de que se prive á cidadanía galega de coñecer a verdade sobre as irregularidades do expediente de contratación de colaboración público privada na construción e posta en funcionamento do novo Hospital Álvaro Cunqueiro -irregularidades postas negro sobre branco polo Consello de Contas-; das irregularidades das contratacións realizadas polo Goberno galego durante a pandemia, así como do incremento exponencial de contratos adxudicados -sobre todo contratación menor- a empresas con





vínculos familiares e persoais de altos cargos do Goberno galego e do presidente da Xunta de Galicia durante 13 anos.

Un dos exemplos máis claros desta falta de transparencia e deste obstrucionismo ao labor de fiscalización da oposición é a negativa a enviar a documentación - solicitada en numerosas ocasións pola vía do artigo 9.

As e os socialistas de Galicia temos pendentes de contestar as seis solicitudes de documentación contractual, vía artigo 9 do regulamento, rexistrada o 21 de agosto de 2024. Opacidade e falta de transparencia. Mesmo patrón. da contratación relacionada coa COVID, a denegación dos contratos de emerxencia asinados coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 ou MAPE ASESORES, por valor de máis de 30 millóns de euros e adxudicados a dedo entre abril de 2020 e decembro de 2021.

Outro exemplo de obstrucionismo e ocultación é o relacionado coa contratación da Xunta de Galicia co Grupo EULEN, coa que a Administración autonómica asinou contratos por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos. Dáse ademais a circunstancia de que moitos destes contratos foron adxudicados por entes instrumentais do sector público autonómico – como por exemplo, o Sergas, Consorcio de Servizos sociais, CRTVG, ATRUGA- nas que existen indicios certos de irregularidades como o fraccionamento do obxecto cos contratos- prohibido no artigo 118.3 da LCSP- para evitar a concorrência pública ou o encadeamento de contratos ano tras ano. O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é unha obriga da Xunta de Galicia e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polos deputados e deputadas e que ten que rematar o veto do envío





desta documentación ao Parlamento. E ademais, é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN.

A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que envíe toda a documentación solicitada en relación cos contratos de emerxencia da COVID e nomeadamente os expedientes de contratación coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 e 2021, coa fin de que se respecte institucionalmente o poder lexislativo onde reside a soberanía popular.
2. Que envíe todos os expedientes de contratación das diferentes tipoloxías contractuais, incluídos os contratos menores e as facturas de anticipos de caixa fixa, dos contratos adxudicados pola Administración autonómica ás empresas do Grupo EULEN desde o ano 2009, estudando os diferentes tipos de contratación e analizando de xeito específico a contratación menor con este grupo empresarial por parte da Xunta de Galicia e os seus entes instrumentais ao longo do período 2009-2025.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:38:47

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:38:56





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:02:17
Nº Rexistro: 16457
Data envío: 09/01/2025 12:02:17.642

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2025 11:39:03

CSV: BGRISIRBQ3y2WZ0R0W644
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

57180

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o gromo de gripe aviar en Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de xaneiro detectouse no país veciño Portugal, o primeiro foco de Influenza aviar altamente patóxena (IAAP) en aves de curral, nunha explotación de 55427 galiñas poñedoras, das cales 279 resultaran mortas. Este aumento da mortalidade e detección de síntomas fixo saltar as alarmas e confirmouse, deste xeito, o primeiro caso deste país da tempada, adoptándose de inmediato as medidas esixidas no Regulamento Delegado (UE) 2020/687 da Comisión.

No resto de Europa derivado, entre outros factores, do descenso das temperaturas e os movementos migratorios de aves silvestres nesta época do ano, incrementou a circulación e diseminación do virus, coa detección nas derradeiras catro semanas de 99 casos de IAAP H5N1 en aves silvestres de 14 países, 23 casos en aves cativas de 7 países e 33 focos en aves de curral en 8 países, a maioría deles confirmados en Centroeuropa.

No Estado español, aínda que non se teñen detectado nesta tempada casos de IAAP en aves de curral, dende o 1 de xullo de 2024 temos datos oficiais recadados para saber que no noso país se confirmaron 19 casos en aves silvestres e 1 caso en aves cativas sendo, polo tanto, unha zona que cómpre ter en consideración á hora da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vixilancia, evitando deste xeito posibles males maiores que afecten á industria da avicultura e a poboación galega. Non debemos esquecer que actualmente, en EEUU se está dando unha situación preocupante con respecto desta enfermidade, que levou a declarar, por exemplo, o estado de emerxencia en California ao producirse a primeira morte dun humano derivada da gripe aviar, e que este adquiriu do contacto con aves infectadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo unha vixilancia exhaustiva do transporte entre Galiza e o país veciño Portugal, asegurando que todas as fases da cría e reprodución estean a salvo da IAAP ao atravesar a fronteira.
2. Levar a cabo campañas de concienciación en zonas de especial vixilancia da gripe aviar, facendo fincapé en que as aves domésticas non saian ao exterior e evitar, deste modo, o contacto con posibles aves infectadas.
3. Levar a cabo campañas de concienciación para a poboación que traballa en contacto con aves nos seus distintos estadios, elaborando unha guía de boas practicas por parte do goberno galego e asegurando o seu cumprimento exhaustivo, de xeito que os traballadores/as estean protexidos ante a ameaza da gripe aviar.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 09/01/2025 12:11:17

Sonia Vidal Lamas na data 09/01/2025 12:16:54

Secundino Fernández Fernández na data 09/01/2025 12:18:37

Luis Bará Torres na data 09/01/2025 12:18:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres**, deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á acumulación de refugallos asfálticos na contorna do río Baa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A carón da vía de servizo da AP9, á altura da peaxe de Laraxe, nas proximidades do polígono industrial de Vilar de Coló, nunha zona comprendida entre os concellos de Cabanas, Fene e o río Baa; acumúlanse refugallos asfálticos, de orixe nos países baixos e que foron depositados aí por unha empresa construtora, hoxe desaparecida, Construcciones Manmer SL.

Este depósito de áridos asfálticos, deu lugar a varias actuacións do organismo autónomo Augas de Galiza e da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Augas de Galicia iniciou a incoación dun expediente sancionador polo depósito de áridos na zona de policía de dominio público hidráulico sen a correspondente autorización, así como pola posibilidade de que o depósito puidera ter efecto contaminante sobre as augas do río Baa. Dito organismo emitiu un requirimento para que se tomasen medidas para evitar a contaminación por lixiviados, principalmente no río Baa, esixindo a realización de gabia perimetral e a cuberta dos depósitos.

A pesar de ter xa transcorrido o prazo para a execución de ditas obras, estas seguen sen facerse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En data de 10/12/2009, a APLU recibe un Informe técnico relativo á acumulación de Bituminosos, por parte dos servizos técnicos do Concello de Cabanas.

O 30 de xaneiro de 2014, a Dirección Xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística emite resolución de reposición da legalidade urbanística en relación co expediente sobre actividade realizada en solo rústico sen licenza municipal por parte de Construcciones Manmer SL, consistente no depósito de material asfáltico no lugar de Vilar do Colo, parroquia de Laraxe, no termo municipal de Cabanas.

A data de hoxe, máis de quince anos despois, a morea de escombros asfálticos segue no mesmo sitio, lixiviando derivados de hidrocarburos ao río Baa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade respecto das actividades realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo que foron declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, así como rexenerar toda a zona afectada especialmente a bacía do río Baa.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 09/01/2025 12:24:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 12:24:10

Luis Bará Torres na data 09/01/2025 12:24:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a comunicación por transporte metropolitano entre o CHUAC e a comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As diferentes liñas de transporte metropolitano por autobús que comunican o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) coa comarca son utilizadas por un importante número de persoas, tanto por motivos laborais como de xeito puntual para acudir a citas médicas ou visitas hospitalarias.

A parada que atende estas liñas carece da información máis básica sobre os horarios, destinos ou traxectorias das propias liñas, co que a súa utilidade e o propio servizo que presta queda moi limitado.

O transporte metropolitano na comarca da Coruña vive nos últimos meses unha situación de queixas continuadas dos usuarios e usuarias, ademais dos Concellos, que mesmo protestaron ante a Xunta de Galiza polas diversas problemáticas das liñas, que non contribúe en absoluto a fomentar (nin a manter) o seu uso por parte da cidadanía. Estas incidencias relacionadas coa sinalización nun servizo fundamental como o do CHUAC, que é un dos principais centros hospitalarios do país, obrigan en moitas ocasións a cidadanía a usar o vehículo propio, se é que dispoñen del, ou a informarse sobre as frecuencias, liñas e horarios por outras vías que non facilita a administración galega, polo que consideramos que é urxente corrixir estas eivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É fundamental contarmos cun transporte público digno e adaptado ás necesidades da cidadanía, tanto por motivos ambientais como pola propia comodidade da veciñanza que debe desprazarse por diferentes razóns desde as localidades da área metropolitana ao CHUAC. Se se mantén un servizo que, na práctica, resulta inútil e difícil de utilizar, unicamente deseñado en función da comodidade da empresa concesionaria, o lóxico é que a veciñanza só o utilice se non ten outras opcións, como utilizar os seus vehículos privados, en contra dos obxectivos que debería ter a administración galega.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a corrixir as eivas de información en relación coas liñas, horarios e frecuencias do transporte público metropolitano que comunica a área da Coruña co Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 13:39:40

Paulo Ríos Santomé na data 09/01/2025 13:39:48

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 13:39:57

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 13:40:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o proxecto industrial de ALTRI e os seus impactos negativos.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante do rexeitamento social ao proxecto industrial de ALTRI polo impacto negativo no medio natural, no patrimonio cultural e o Camiño de Santiago, na dispoñibilidade e calidade das augas do río Ulla, na calidade de vida e a saúde, e nas actividades produtivas da Ulloa e da ría de Arousa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que se deu a coñecer a proposta de ubicación do proxecto industrial de ALTRI na comarca da Ulloa -nunha zona limítrofe entre os concellos de Palas de Rei, Santiso e Agolada- xerouse unha importante preocupación social polas dimensións da factoría e os importantes impactos na súa contorna.

Esta preocupación transformouse en rexeitamento unha vez que se someteu a información pública tanto a autorización da captación e vertido de augas no río Ulla como a documentación para a autorización ambiental. A propia documentación presentada pola empresa caracteriza o proxecto como “industria de enclave” e reconece que “non encaixa na definición que as DOT outorgan ás superficies de solo empresarial como elementos estratéxicos do territorio”.

Ademais do rexeitamento por parte de sectores económicos, colectivos ambientais e de defensa do patrimonio natural, entidades sociais, organismos de defensa do patrimonio cultural e do camiño de Santiago, tamén se fixeron públicos informes técnicos e estudos do ámbito académico que sinalaron os importantes impactos dun proxecto que, de levarse a cabo, tería efectos negativos e irreversíbeis no territorio, na paisaxe, da biodiversidade, na calidade do ar e da auga, no patrimonio cultural e nas actividades económicas características da zona, como o sector agrogandeiro ou o turismo. O informe que fixo público o Consello da Cultura Galega en setembro de 2024 é contundente e concluínte a este respecto, e debería ser tido en conta e respectado polo goberno galego.

Os impactos negativos da macrocelulosa proxectada por ALTRI non se limitarían aos concellos circundantes. Tamén se estenderían ao río Ulla, xa sometido a importantes presións e problemas de contaminación, afectarían á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade e dispoñibilidade de auga para abastecemento dos concellos situados entre Palas de Rei e a Arousa. E incidirían na ría de Arousa, que xa sofre importantes impactos que están poñendo en risco o funcionamento do ecosistema e a capacidade produtiva.

Na comarca da Ulloa desenvolvéronse nos últimos anos iniciativas que son referentes no ámbito da produción ecolóxica ou da produción agroalimentar de calidade, pequenas e medianas empresas e cooperativas recoñecidas e premiadas que se verían directamente afectadas pola instalación e funcionamento da macrofactoría de ALTRI. Un dos principais efectos negativos estaría relacionado coa presión sobre a dispoñibilidade de terra e os seus usos, xa que inevitabelmente de xeraría unha desvalorización da produción de alimentos de calidade e a substitución pola plantación de eucalipto para o abastecemento da fábrica de celulosa soluble.

Resulta cando menos sorprendente que a Xunta sexa promotora e aliada deste macroproxecto industrial impulsado por unha multinacional portuguesa, mentres lle dá as costas ao tecido económico de pequenas e medianas empresas e cooperativas que conseguiron situar as terras de Arzúa e a Ulloa como unha área dinámica, innovadora e referente na produción agroalimentar de calidade. A diferenza de trato entre unhas e outra queda moi ben expresada na petición 250 millóns de euros de subvencións públicas -demanda apoiada pola Xunta-, para garantir a viabilidade da factoría, unha cantidade que está a anos luz do que reciben as empresas que xeran emprego e riqueza no territorio. Se as pemes, cooperativas e persoas emprendedoras da comarca reciben o 20% do diñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se pretende entregar a ALTRI favoreceríase un desenvolvemento espectacular do tecido económico e do emprego nos concellos da Ulloa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desbotar o complexo industrial de ALTRI na Ulloa pola seu efecto de fractura territorial e os seus impactos negativos no medio natural e a biodiversidade, no patrimonio cultural e o Camiño de Santiago, na dispoñibilidade e calidade das augas do río Ulla, na calidade de vida e a saúde, e nas actividades produtivas da Ulloa e da ría de Arousa.

2. Non financiar o complexo industrial contaminante de ALTRI e desenvolver en contrapartida un plan de asesoramento, promoción e apoio económico ao tecido de pequenas e medianas empresas, cooperativas e iniciativas emprendedoras da Ulloa.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 17:00:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 09/01/2025 17:00:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 17:01:10

Óscar Insua Lema na data 09/01/2025 17:01:16

Luis Bará Torres na data 09/01/2025 17:01:22

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 17:01:27

Rosana Pérez Fernández na data 09/01/2025 17:01:35

Daniel Pérez López na data 09/01/2025 17:01:42

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2025 17:01:52

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 17:01:59

Ariadna Fernández González na data 09/01/2025 17:02:07

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/01/2025 17:02:14

Cristina Fernández Davila na data 09/01/2025 17:02:21

Carmela González Iglesias na data 09/01/2025 17:02:28

Paulo Ríos Santomé na data 09/01/2025 17:02:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 09/01/2025 17:02:40

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 17:02:48

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2025 17:02:55

Daniel Castro García na data 09/01/2025 17:03:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/01/2025 17:03:12

Iago Suárez Fernández na data 09/01/2025 17:03:20

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2025 17:03:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2025 17:03:39

Sonia Vidal Lamas na data 09/01/2025 17:03:50

Secundino Fernández Fernández na data 09/01/2025 17:04:00



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Jose Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo, Jose Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**, polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que o novo trazado proposto para autovía A-52 provoca no territorio sen que dispoñan de información previa todos os concellos afectados.

Exposición de Motivos:

O pasado día 18 de decembro de 2024 o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible anunciaba no Boletín Oficial do Estado (BOE) que somete a información pública o documento técnico e estudo de impacto ambiental do proxecto do novo trazado da autovía A-52 (Rías Baixas) para conectar O Porriño coa cidade de Vigo.

Aínda que non haxa dúbida sobre a necesidade de darlle solución á perigosa A-55, e esta alternativa pase pola execución dun túnel, o que é tamén igualmente preciso é que o trazado sexa analizado con todos os concellos afectados, minimizando no posible o impacto que vai ter sobre o territorio e sobre os seus habitantes. A alternativa que o Goberno de España entende como a máis recomendable conleva un altísimo impacto, desde o punto de vista territorial especialmente respecto da proposta recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Mos e parroquias como Bembrive, no concello de Vigo, ademais do corte de vías municipais estruturantes e múltiples afeccións a viadutos e augas.

Non é razoable o modo de proceder do Goberno, dado que é evidente que, pese ao forte impacto no seu territorio, fixo partícipe ao concello de Vigo da definición da alternativa proposta pero non tivo ningún tipo de comunicación previa a este trámite cos demais concellos afectados, nomeadamente Mos, que adaptou o seu Plan Xeral ao trazado marcado polo Ministerio de Fomento no ano 2015.



A A-52, tamén denominada autovía das “Rías Baixas”, é unha infraestrutura que une Castela e León con Galicia conectando Zamora, Ourense e Pontevedra coa autovía A-6. O tramo obxecto do estudo sitúase na parte final deste itinerario que finaliza no municipio do Porriño, na conexión coa autovía A-55.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Demandar do Goberno de España a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9 nos termos previstos na proposición de Lei Orgánica aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia e a iniciar, con carácter inmediato, negociacións coa concesionaria da autoestrada AP-9 a fin de, a maior brevidade, liberar de peaxe o tramo Vigo-Porriño, para abordar de xeito urxente a seguridade da A-55, por ser a solución máis rápida, inmediata e economicamente máis viable ao problema da sinistralidade nesta vía.

2º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que, con carácter urxente, propoña novas alternativas ao trazado proposto da autovía das Rías Baixas A-55 pola grave afección que provoca a parroquias de Vigo como Bembrive, e de Mos como Sanguinieda, Petelos, Pereiras e Tameiga, a efectos de buscar unha solución definitiva e a longo prazo.

3º.- Esixir do Goberno de España a inmediata apertura dun período de interlocución, institucional e técnica, con todos os concellos afectados para definir a actuación de modo que sexa respectuosa co territorio, socialmente viable e supoña unha infraestrutura axeitada e segura para a mobilidade da zona.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16709
Data envío: 10/01/2025 14:09:33,614

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2025 13:59:30

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/01/2025 14:00:14

Roberto Rodríguez Martínez na data 10/01/2025 14:00:29

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/01/2025 14:01:11

Julio García Comesaña na data 10/01/2025 14:01:33

Patricia García González na data 10/01/2025 14:02:01

Carmen Pomar Tojo na data 10/01/2025 14:02:30

José Luis Ferro Iglesias na data 10/01/2025 14:03:10

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 14:03:33

María Deza Martínez na data 10/01/2025 14:03:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/01/2025 14:04:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 14:04:56

Gonzalo Trenor López na data 10/01/2025 14:05:21

Katherinie Varela Fernández na data 10/01/2025 14:06:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 14:06:25

Raúl Santamaría González na data 10/01/2025 14:06:52

Manuel Santos Costa na data 10/01/2025 14:07:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: B0P1S1B0G1C1X1R12XU16-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Cecilia Vázquez Suárez, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo, Paula Prado del Río, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Cristina Sanz Arias e Rubén Lorenzo Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que ten reforzar as políticas e accións de proximidade no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero

Exposición de Motivos

As diferentes medidas legislativas no ámbito da violencia de xénero recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entres mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e, establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Neste contexto contamos coa Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, con 224 municipios e mancomunidades adheridos, e no marco da que se teñen constituído xa 112 mesas locais de coordinación institucional contra a violencia de xénero.

Estas mesas son espazos de traballo conxunto ente os diferentes axentes e profesionais do municipio, que teñen como obxectivo ofrecer unha mellor prestación de servizos dirixidos ás mulleres que sofren violencia de xénero. As súas liñas de actuación céntranse tanto na prevención como na intervención.

Nas mesas debe haber polo tanto representación de todos os axentes que dentro do ámbito local estean involucrados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.



Se ben o número de concellos con mesas de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero é cada vez maior, o bo resultado das mesmas indícanos a conveniencia de que todos os concellos poidan contar con unha.

Aínda que a solicitude da creación das mesas debe partir dos municipios é importante tamén o papel da administración autonómica a hora de promover a súa posta en funcionamento.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) promova a creación de mesas de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero en todos os municipios de Galicia”

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2025 17:26:53

Raquel Arias Rodríguez na data 13/01/2025 17:27:47

Noelia Pérez López na data 13/01/2025 17:28:03

Ethel Vázquez Mourelle na data 13/01/2025 17:28:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2025 17:28:29

Víctor Baladrón Lamas na data 13/01/2025 17:28:37

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2025 17:28:58

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/01/2025 17:29:16

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2025 17:29:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2025 17:29:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Julio García Comesaña na data 13/01/2025 17:30:43

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2025 17:30:48

Paula Mouzo Mas na data 13/01/2025 17:31:23

Paula Prado del Rio na data 13/01/2025 17:31:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2025 17:31:53

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2025 17:32:42

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2025 17:32:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2025 17:33:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B6PISJTB93XQ1WRYC286-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Cecilia Vázquez Suárez, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, Paula Mouzo, Paula Prado del Río, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Cristina Sanz Arias e Rubén Lorenzo Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que ten estender ao conxunto da poboación e dos locais de lecer nocturno de Galicia os devanditos protocolos e fomentar así espazos máis seguros

Exposición de Motivos

Galicia puxo en marcha no ano 2024 o primeiro Protocolo contra as violencias sexuais e LGBTI fóbricas nos espazos de lecer nocturno, co obxectivo de crear espazos máis seguros, afastados de calquera ataque ou agresión sexual.

Este protocolo busca a prevención, a detección e a intervención ante situacións de violencia sexual e LGTBI fóbricas que se poidan producir durante o ocio nocturno e que supoñan unha ameaza para as mulleres e persoas cunha identidade de xénero e/ou sexualidade distinta.

Polo tanto, o ámbito obxectivo de actuación deste protocolo son todas as actividades recreativas asociadas ao ocio nocturno, que estean previstas e reguladas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e que se leven a cabo en locais e establecementos abertos ao público. O protocolo vai dirixido a todas as discotecas, pubs, bares, salas de concerto ou café-espectáculos que se queiran adherir.

O obxectivo é seguir facendo de Galicia un lugar seguro e contar con todas as ferramentas posibles para loitar contra a violencia.





Por iso todos os traballadores dos locais adheridos deberán coñecer este documento e ademais os establecementos contarán cun logotipo co lema “Agresión OFF violencias” para que os clientes saiban que se trata dun local cun protocolo. O acordo promove que os establecementos desenvolvan iniciativas propias de prevención e sensibilización.

A Xunta de Galicia ofrece ademais cursos formativos para os traballadores dos locais, brindándolle pautas para recoñecer manifestacións violentas, ben relacionadas coa presenza de imaxes ofensivas no recinto, como coa linguaxe sexista ou de contacto físico ou intimidatorio; e como actuar neses casos.

Co mesmo obxectivo púxose tamén en marcha outro protocolo para Eventos e espazos festivos; pensado para verbenas, festas, etc.

De todos os modos, cremos que como oposición é o noso deber seguir de perto os movementos do goberno galego e ser firmes neste sentido así como seguir a preguntar sobre como evolucionan os acontecementos. Eis o motivo desta iniciativa, continuaremos a facer o posible desde a nosa posición para asegurar que as vidas das persoas non se ven afectadas por decisións dunha empresa e que non se poñen en perigo xoias como o túnel romano de Montefurado de máis de 2.000 anos de antigüidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Asegurar que non se reinician as obras para a extracción de lousa na parroquia de Montefurado (termo municipal de Quiroga) de forma irregular.
2. Protexer o túnel romano de Montefurado e o Camiño de Inverno a Santiago ante ameazas como as que conlevan as obras de extracción mineira.”

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 08/01/2025 13:06:48

Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 13:06:54

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2025 13:07:08

Iago Suárez Fernández na data 08/01/2025 13:07:15



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de





postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.

Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16374
Data envío: 08/01/2025 16:24:16.515

planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se activen e convoquen no 2025 todas as diferentes liñas de axudas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 16:17:40

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:17:48

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 16:17:57

Lara Méndez López na data 08/01/2025 16:18:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/01/2025 16:18:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57245

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de





postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.

Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16375
Data envío: 08/01/2025 16:24:27.827

planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se activen e convoquen no 2025 todas as diferentes liñas de axudas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 16:16:51

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:17:00

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 16:17:09

Lara Méndez López na data 08/01/2025 16:17:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/01/2025 16:17:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

57248

@PSdeG



CSV: BGPSIBR9CJ03FXW0386-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 nace o proxecto Abalar co fin de plasmar a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia, iniciando en aquel momento pola dotación de equipos informáticos para ser utilizados nas aulas dos centros.

Co tempo, no programa intégranse todas as iniciativas de integración da dixitalización no ámbito educativo, xuntando os esforzos para a modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal de promoción das TIC en todos os sectores de actividade educativa e da sociedade.

A estratexia do proxecto Abalar xira en torno ao concepto da creación do centro educativo dixital, con recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa, é dicir todos os ámbitos do proceso educativo.

En palabras da propia Consellería, o proxecto Abalar busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino coa conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.





No curso 2014-2015, como consecuencia dos resultados dos primeiros anos do proxecto Abalar, nace o proxecto E-Dixgal, que trata de ofrecer unha educación con recursos dixitais tanto en Educación Primaria como en Educación Secundaria Obrigatoria.

Os centros educativos, alumnado, profesorado e familias que participan neste programa deberían dispoñen de Aulas dixitalizadas, equipamento de uso persoal para alumnado e profesorado, entorno virtual de aprendizaxe, sistemas de seguridade e protección do usuario, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración, soporte e asistencia técnica que lles permitiría dispoñer dun entorno seguro para o ensino dixital.

No curso 2023/2024 acadase o máximo de usuarios do E-Dixgal, con máis de 64.500 estudantes e 630 centros incorporados. Pero no curso seguinte produces o maior número de centros que renuncian ao proxecto que son máis que os que se incorporan producíndose unha redución de centros. Dende a posta en marcha de E-Dixgal xa son 44 os centros que renunciaron ao programa e último curso son 23 os centros que se dan de baixa en medio de dúbidas do profesorado e dos pais e nais, co que o número de centros descende ata os 613 centros participantes na actualidade.

As propias asociación de Nais e Pais galegas realizaron enquisas entre os usuarios que expresan a opinión maioritaria de estar de acordo coa dixitalización e uso das TIC no ensino pero non de como se realiza a través do programa E-Dixgal, cumpre por tanto facer unha reflexión e revisión do programa.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16382
Data envío: 08/01/2025 16:26:06.328

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer unha revisión en profundidade do programa de Dixitalización E-Dixgal do ensino galego centrándose fundamentalmente na adquisición de competencias dixitais para o uso dos recursos dixitais nas aulas, na formación do profesorado, pais e nais e alumnado no uso dos recursos educativos dixitais e na utilización ética e responsable das tecnoloxías TIC, internet e redes sociais tanto nas aulas como na sociedade en xeral.
2. Establecer canles de comunicación, colaboración e implicación do profesorado e das asociación de nais e pais no deseño e implantación dos novos programas de dixitalización e adquisición de competencias dixitais no ámbito educativo.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:21:11

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 16:21:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/01/2025 16:21:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57251

@PSdeG



CSV: BGPSITB03-X01XJRG2M64
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila**, e dos deputados **Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de reactivar os traballos da Comisión non permanente especial de estudo sobre a posible modificación da letra do himno de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a posible modificación da letra do himno de Galiza constituíuse o 3 de xullo de 2024. Nesta xuntanza foron electos os membros da Mesa da Comisión en representación dos grupos parlamentarios presentes na Cámara.

O 8 de xullo de 2024 celebrouse a última reunión da Mesa da Comisión non permanente especial de estudo sobre a posible modificación da letra do himno de Galiza cun punto único na orde do día: elaboración dunha proposta de normas de funcionamento.

Transcorridos tres meses sen se ter avanzado nos traballos da Comisión, o 21 de outubro de 2024 o Grupo Parlamentar do BNG encamiñou por rexistro unha solicitude, dirixida á presidencia da Mesa da Comisión, instando á convocatoria da Mesa da mesma, á maior brevidade posíbel, coa finalidade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixar a convocatoria da Comisión para aprobar as Normas de funcionamento e o Plan de Traballo, co obxectivo de a reactivar.

Comezado co ano novo un novo período de sesións no Parlamento, no BNG non tivemos resposta á nosa petición por parte da presidencia da Mesa da Comisión, un inxustificábel silencio que evidencia o desprezo do PP á propia institución que nos acolle como representantes da sociedade galega e a falta de compromiso coa restauración dun dos principais sinais identitarios galegos, como é o noso himno, unha demanda que chegou a ser debatida no Parlamento en setembro de 2023 a través dunha ILP asinada por máis de 16.000 persoas ás que tanto o PP como o PSdG-PSOE-responderon cun voto en contra, impedindo que fose tomada en consideración.

As entidades impulsoras da ILP, Vía Galega e Galiza Cultura, cualificaron publicamente a parálise da Comisión, que se comprometeron a impulsar desde o propio PP logo do seu voto negativo, como de “total desleixo e desconsideración para co noso Himno”.

A evidencia científica acreditou a necesidade de restaurar a letra fidedigna do Himno galego, tal e como figura nos orixinais do propio Eduardo Pondal e como el propio ten manifestado por escrito. Cómpre actuarmos con responsabilidade e repararmos un erro histórico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento acorda por resolución reactivar, á maior brevidade, a Comisión non permanente especial de estudo sobre a posible modificación da letra do himno de Galiza para lle dar cabo no actual período de sesións.”

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Cristina Fernández Davila

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 18:27:55

Secundino Fernández Fernández na data 08/01/2025 18:27:59

Daniel Castro García na data 08/01/2025 18:28:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 08/01/2025 18:28:18

Iria Taibo Corsanego na data 08/01/2025 18:28:34

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2025 18:28:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre o incremento do cadro de persoal do Instituto de Medicina Legal de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar aos órganos xurisdicionais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

A creación deste órgano especializado dentro da estrutura da administración de xustiza responde ás necesidades de asesoramento, principalmente, en materias tan sensíbeis como son as relativas á capacidade das persoas, verosimilitude de testemuños, sobre garda e custodias, ou sobre a investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade.

Xa que logo é unha Institución básica para o bo funcionamento da Administración de Xustiza e o acerto das resolucións que se diten polos órganos xurisdicionais.

Na última memoria publicada polo Instituto Medico Legal de Galiza, correspondente ao exercicio 2023, recollíase que foran solicitados 25.266 informes, 21.502 ao servizo de clínica para a emisión de pericia médica; sendo emitidos durante





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todo o exercicio un total de 22.685 informes, dos que 17.926 eran relativos á denominada pericia médica.

A evolución do número de pericias solicitadas ao IMELGA nos últimos anos evidencia un constante incremento de aproximadamente de 1.000 solicitudes/ano; coa excepción do ano 2020, por razóns evidentes. No último lustro pasáronse das 21.225 solicitudes do 19 ás 25.266 do 23, o que representa un incremento de case un 20% no volume de solicitudes de intervención pericial.

No mesmo periodo no que se incrementaba notablemente a demanda de actividade da oficina forense o cadro de persoal apenas experimentaba varias, pois 45 médicos/as forense había no ano 2019, 45 había no 24 e idéntico número está previsto para o 2025. Na mesma liña, os postos de dirección, coordinación ou xefaturas de servizo ou sección tampouco sufriron variación algunha, sendo a organización a mesma que hai 5 anos.

En consecuencia, como queira que o Instituto de Medicina Legal de Galiza experimenta un continuo e constante incremento da carga de traballo, que non é algo puntual ou episódico senón que é sostido no tempo e que as sucesivas reformas lexislativas permiten anticipar que terá continuidade no futuro, no que seguirá a ter un papel esencial no funcionamento da Administración de Xustiza, polo que non intervirse de inmediato resulta previsible que se agrave a situación que ven padecendo o IMELGA dende hai varios anos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a mellorar a organización do Instituto de Medicina Legal de Galiza, incrementando sen dilación o cadro de persoal, tanto dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

médicos forenses, como dos equipos psicosociais e do persoal destinado á tramitación, procurando a estabilidade das traballadoras e especialización profesional no ámbito xudicial.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2025 09:49:50

Óscar Insua Lema na data 09/01/2025 09:56:16

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 09:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa declaración de ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de xullo de 2011 o DOG publicaba a Resolución, do 28 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoaba o procedemento para a declaración de ben de interese cultural do conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O 10 de xaneiro de 2012 o DOG publicaba o DECRETO 249/2011, do 23 de decembro, polo que se declaraba ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, logo de seren emitidos os informes favorábeis da Real Academia Galega de Belas Artes, do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Xeografía e Historia (Departamento de Historia Contemporánea e América) da USC.

O goberno da Xunta, en aplicación da Lei de patrimonio cultural de Galiza, sustentaba este nivel de protección da obra completa de Castelao “sobre a base do seu valor simbólico e o interese do conxunto da obra en canto vehículo de concienciación e afirmación da identidade diferencial do pobo galego”.

Unha obra que debe ser lida, estudada e recoñecida na súa globalidade, pois é toda ela indisociábel como retrato complementario da Galiza contemporánea, asentada nunha forte conciencia nacional, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega e reivindicadora dos valores nacionalistas desde a defensa das liberdades democráticas.

Un legado que debe ser conservado e protexido, tal e como determina a disposición segunda do DECRETO 249/2011 co fin de:

Promover a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao, sen prexuízo do exercicio dos dereitos de propiedade intelectual polos seus lexítimos titulares, e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras.

Transcorridos trece anos da declaración BIC da obra completa de Castelao, e ao fío da declaración deste ano 2025 como Ano Castelao por parte da Xunta de Galiza, co gallo do 75 cabodano da morte do escritor, artista plástico, intelectual e político nacionalista galego referencial, cómpre facer avaliación do cumprimento dos compromisos da declaración BIC por parte do goberno do PP, así como planificar todas aquelas accións precisas para contribuír ao seu coñecemento divulgativo e expansivo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a se comprometer coa planificación de accións sostidas no tempo e en coordinación con todas as institucións culturais e entidades vinculadas ao legado de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, co obxectivo de promover entre a sociedade galega e no exterior a conservación, difusión e investigación do conxunto da súa obra e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras para dar cumprimento á declaración como ben de interese cultural do conxunto da obra do autor e político nacionalista galego.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 10:23:07

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 10:23:59

Daniel Castro García na data 09/01/2025 10:28:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa a un novo incumprimento por parte da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros para o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que, máis unha vez, os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. De novo @s profesionais do 061 denuncian que o helicóptero con base en Santiago non estará operativo desde o día 6 de xaneiro, data dende a que estará en Ourense para facer unha revisión/reparación. Segundo a información facilitada @s profesionais do servizo, o regreso é sine die, xa que non saben o tempo que pode levar as actuacións que lle teñen que realizar.

Esta situación ven a sumarse aos incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria no incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avarías.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre, toda a área norte de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos, que supón desatención ás emerxencias que poidan xurdir. A súa falta de actuación é unha mostra clara da connivencia coa empresa Eliance, concesionaria do servizo.

A Xunta ten que dar explicación de por que lle permite á empresa concesionaria dun contrato de máis de nove millóns de euros este incumprimento, máxime cando é reincidente. Ten que deixar de actuar de comercial das empresas que prestan servizos para o Sergas, deixar de por en risco a vida e a saúde d@s galeg@s, e polo tanto esixirlle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor e ter helicóptero de reposto.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Priorizar a saúde d@s galeg@s e non a conta de resultados da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros do 061.
- 2.- Esixirlle á empresa a contar cos recursos precisos para prestar o servizo de orto a solpor en todo momento e de helicóptero de substitución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Abrir un expediente sancionador á empresa por este incumprimento

4.- De non repoñer de inmediato o servizo do helicóptero na súa base de Santiago, ou producirse un incumprimento máis, proceder á rescisión do contrato á empresa Eliance, e tomar todas as medidas para que a Xunta non contrate de novo con esta empresa.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2025 09:58:01

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 09:58:05

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 09:58:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as condicións laborais das traballadoras das residencias privadas e a negociación do novo convenio colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras das residencias de maiores privadas, a inmensa maioría das existentes en Galiza, atópanse inmersas no proceso de negociación do novo convenio colectivo. Até o momento, non houbo acordo coa patronal do sector toda vez que a representación sindical e as propias traballadoras non ven na proposta formulada polas empresas unha mellora das súas condicións laborais.

Cómpre lembrar que as condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas son profundamente precarias, así a modo de exemplo e partindo de casos reais, hai traballadoras con contratos indefinidos e antigüidades superiores a dez anos que non perciben nin sequera o Salario Mínimo Interprofesional. Así mesmo, os complementos por nocturnidade ou festivos son pírricos tendo en conta o traballo que deben desenvolver.

Malia que se trata de empresas privadas a práctica totalidade delas reciben importantes cantidades de diñeiro público pola vía da concertación de prazas, un feito que esixe a implicación decidida da Xunta de Galiza na garantía dunhas boas condicións laborais e salariais das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a Consellaría de Política Social nin sequera as recibiu malia solicitarlle en setembro de 2024 unha xuntanza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Recibir unha representación das traballadoras das residencias de maiores privadas así como da súa representación sindical para coñecer de primeira man a situación na que se atopan e as súas demandas.
2. Solicitar unha xuntanza coa patronal do sector co obxectivo de mediar no conflito e promover unha mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras facendo valer a súa posición como autoridade laboral e máxima responsábel en materia de servizos sociais.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 10:01:59

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2025 10:02:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a presenza do galego no material de promoción da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 10 de decembro tivo lugar a entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. Á saída do acto, ao que asistiron, ademais das persoas premiadas, representantes institucionais, entregáronse varios agasallos, entre eles unha axenda en inglés e castelán co logotipo da Xunta de Galiza.

A edición e entrega por parte da Xunta de Galiza deste material de cortesía no que se exclúe por completo a presenza da lingua galega incumpre todos os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2024 (por exemplo, “Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.”), e da Lei de Normalización Lingüística de 1983 (por exemplo, “Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.”, ademais do propio Estatuto de Autonomía de Galiza (“Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para facilita-lo seu coñecemento”, feito que non se comprende por innecesario e desapropiado.

Existen empresas galegas que editan axendas e outro material de promoción en lingua galega, polo que non existe ningún impedimento, máis ben o contrario, para que o goberno galego acuda a material editado en inglés e castelán, excluíndo o galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Retirar todo o material de promoción co logotipo corporativo da Xunta de Galiza no que se exclúa a lingua galega.
2. Editar novo material de promoción co logotipo corporativo da Xunta de Galiza que inclúa a lingua galega.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 11:43:42

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 11:56:40

Daniel Castro García na data 09/01/2025 11:56:41

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2025 11:57:32





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere o Sr. Rueda pero non os que necesita unha Galicia que sofre un atraso -en termos comparativos- respecto España, e que a propia Xunta de Galicia cifra en 6 anos.

Crecemos é certo, pero a un ritmo moito menor tanto a nivel macro como micro económico. Como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, informes da AIREF, informe FUNCAS o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1 % de crecemento interanual. Un punto menos. Segundo os derradeiros datos da EPA, o paro en Galicia baixou, pero a un ritmo 6 veces inferior á media.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país





entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.

Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego se reduza máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a Oficina económica no Igape, a sociedade Impulsa, ou doutros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

De novo, repítese o mesmo esquema ó que xa nos ten acostumados o Goberno galego: unha absoluta falta de eficiencia entre órganos interadministrativos que funcionan como illas desertas desconectadas. Iso si a propaganda e os anuncios funcionan moi ben. Pero se ollas cara a dentro, as cousas non funcional tamén





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:20
Nº Rexistro: 16452
Data envío: 09/01/2025 12:01:20.563

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que no presente ano se adopten medidas proactivas en política económica para que os datos de crecemento se acheguen ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1% de crecemento interanual.
2. No mercado laboral, o Goberno galego ha de promover políticas activas de emprego tendentes a evitar o despoboamento en moitas zonas do noso país, a fuxida de talento dos xoves formados para que os datos de poboación activa ocupada se aproximen o crecemento en comparación co conxunto de España. En Galicia, segundos os datos da EPA a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.
3. Aos efectos de favorecer a transparencia e a rendición de contas da nova Oficina económica de Galicia, se inste ao goberno Galego para que se envíe ao Parlamento con periodicidade trimestral un informe sobre as actividades desenvolvidas pola devandita Oficina.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:45:03

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:45:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57273

@PSdeG



CSV: BGPSIDBQ3A00X7K2UD664
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:20
Nº Rexistro: 16452
Data envío: 09/01/2025 12:01:20.563

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2025 11:45:23

CSV: B6PISJTB93A00X7C2D3684
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57274

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego do PP leva anos vetando de xeito sistemático o envío de documentación solicitada polo Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do artigo 9, como se amosou durante a celebración da Comisión de investigación constituída para depurar responsabilidades políticas polas irregularidades detectadas na contratación pública do Goberno galego. Os socialistas de Galicia, pretendemos ser unha oposición útil e realista e fortalecer a nosa democracia e impulsar unha política máis transparente, limpa, honesta e propositiva ao servizo do interese xeral.

O Partido Popular de Galicia pola contra, non quere que se investigue nada de nada. Converteron a Comisión de investigación constituída para investigar as irregularidades na contratación pública nun auténtico paripé. Deixárona baleira de contido.

O PPdG é o partido político responsable de que se prive á cidadanía galega de coñecer a verdade sobre as irregularidades do expediente de contratación de colaboración público privada na construción e posta en funcionamento do novo Hospital Álvaro Cunqueiro -irregularidades postas negro sobre branco polo Consello de Contas-; das irregularidades das contratacións realizadas polo Goberno galego durante a pandemia, así como do incremento exponencial de contratos adxudicados -sobre todo contratación menor- a empresas con





vínculos familiares e persoais de altos cargos do Goberno galego e do presidente da Xunta de Galicia durante 13 anos.

Un dos exemplos máis claros desta falta de transparencia e deste obstrucionismo ao labor de fiscalización da oposición é a negativa a enviar a documentación - solicitada en numerosas ocasións pola vía do artigo 9.

As e os socialistas de Galicia temos pendentes de contestar as seis solicitudes de documentación contractual, vía artigo 9 do regulamento, rexistrada o 21 de agosto de 2024. Opacidade e falta de transparencia. Mesmo patrón. da contratación relacionada coa COVID, a denegación dos contratos de emerxencia asinados coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 ou MAPE ASESORES, por valor de máis de 30 millóns de euros e adxudicados a dedo entre abril de 2020 e decembro de 2021.

Outro exemplo de obstrucionismo e ocultación é o relacionado coa contratación da Xunta de Galicia co Grupo EULEN, coa que a Administración autonómica asinou contratos por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos. Dáse ademais a circunstancia de que moitos destes contratos foron adxudicados por entes instrumentais do sector público autonómico – como por exemplo, o Sergas, Consorcio de Servizos sociais, CRTVG, ATRUGA- nas que existen indicios certos de irregularidades como o fraccionamento do obxecto cos contratos- prohibido no artigo 118.3 da LCSP- para evitar a concorrência pública ou o encadeamento de contratos ano tras ano. O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é unha obriga da Xunta de Galicia e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polos deputados e deputadas e que ten que rematar o veto do envío





desta documentación ao Parlamento. E ademais, é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN.

A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que envíe toda a documentación solicitada en relación cos contratos de emerxencia da COVID e nomeadamente os expedientes de contratación coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 e 2021, coa fin de que se respecte institucionalmente o poder lexislativo onde reside a soberanía popular.
2. Que envíe todos os expedientes de contratación das diferentes tipoloxías contractuais, incluídos os contratos menores e as facturas de anticipos de caixa fixa, dos contratos adxudicados pola Administración autonómica ás empresas do Grupo EULEN desde o ano 2009, estudando os diferentes tipos de contratación e analizando de xeito específico a contratación menor con este grupo empresarial por parte da Xunta de Galicia e os seus entes instrumentais ao longo do período 2009-2025.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:38:10

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:38:18





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.





Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16376
Data envío: 08/01/2025 16:24:40.015

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar todas as diferentes liñas de subvencións públicas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 16:15:14

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:15:24

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 16:15:34

Lara Méndez López na data 08/01/2025 16:15:42





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16383
Data envío: 08/01/2025 16:26:16.656

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No ano 2010 nace o proxecto Abalar co fin de plasmar a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia, iniciando en aquel momento pola dotación de equipos informáticos para ser utilizados nas aulas dos centros.

Co tempo, no programa intégranse todas as iniciativas de integración da dixitalización no ámbito educativo, xuntando os esforzos para a modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal de promoción das TIC en todos os sectores de actividade educativa e da sociedade.

A estratexia do proxecto Abalar xira en torno ao concepto da creación do centro educativo dixital, con recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa, é dicir todos os ámbitos do proceso educativo.

En palabras da propia Consellería, o proxecto Abalar busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino coa conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

No curso 2014-2015, como consecuencia dos resultados dos primeiros anos do proxecto Abalar, nace o proxecto E-Dixgal, que trata de ofrecer unha educación





con recursos dixitais tanto en Educación Primaria como en Educación Secundaria Obrigatoria.

Os centros educativos, alumnado, profesorado e familias que participan neste programa deberían dispoñen de Aulas dixitalizadas, equipamento de uso persoal para alumnado e profesorado, entorno virtual de aprendizaxe, sistemas de seguridade e protección do usuario, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración, soporte e asistencia técnica que lles permitiría dispoñer dun entorno seguro para o ensino dixital.

No curso 2023/2024 acadase o máximo de usuarios do E-Dixgal, con máis de 64.500 estudantes e 630 centros incorporados. Pero no curso seguinte produce o maior número de centros que renuncian ao proxecto que son máis que os que se incorporan producíndose unha redución de centros. Dende a posta en marcha de E-Dixgal xa son 44 os centros que renunciaron ao programa e último curso son 23 os centros que se dan de baixa en medio de dúbidas do profesorado e dos pais e nais, co que o número de centros descende ata os 613 centros participantes na actualidade.

As propias asociación de Nais e Pais galegas realizaron enquisas entre os usuarios que expresan a opinión maioritaria de estar de acordo coa dixitalización e uso das TIC no ensino pero non de como se realiza a través do programa E-Dixgal, cumpre por tanto facer unha reflexión e revisión do programa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que avaliación fai a Consellería dos 10 anos de vixencia do E-Dixgal?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16383
Data envío: 08/01/2025 16:26:16.656

2. Que modificación ou adaptacións ten prevista realizar a Consellería para evitar o descenso de centros adheridos ao programa E-Dixgal?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:20:49

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 16:20:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o incremento do cadro de persoal do Instituto de Medicina Legal de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar aos órganos xurisdicionais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

A creación deste órgano especializado dentro da estrutura da administración de xustiza responde ás necesidades de asesoramento, principalmente, en materias tan sensíbeis como son as relativas á capacidade das persoas, verosimilitude de testemuños, sobre garda e custodias, ou sobre a investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade.

Xa que logo é unha Institución básica para o bo funcionamento da Administración de Xustiza e o acerto das resolucións que se ditén polos órganos xurisdicionais.

Na última memoria publicada polo Instituto Medico Legal de Galiza, correspondente ao exercicio 2023, recollíase que foran solicitados 25.266 informes, 21.502 ao servizo de clínica para a emisión de pericia médica; sendo emitidos durante todo o exercicio un total de 22.685 informes, dos que 17.926 eran relativos á denominada pericia médica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A evolución do número de pericias solicitadas ao IMELGA nos últimos anos evidencia un constante incremento de aproximadamente de 1.000 solicitudes/ano; coa excepción do ano 2020, por razóns evidentes. No último lustro pasáronse das 21.225 solicitudes do 19 ás 25.266 do 23, o que representa un incremento de case un 20% no volume de solicitudes de intervención pericial.

No mesmo periodo no que se incrementaba notablemente a demanda de actividade da oficina forense o cadro de persoal apenas experimentaba varias, pois 45 médicos/as forense había no ano 2019, 45 había no 24 e idéntico número está previsto para o 2025. Na mesma liña, os postos de dirección, coordinación ou xefaturas de servizo ou sección tampouco sufriron variación algunha, sendo a organización a mesma que hai 5 anos.

En consecuencia, como queira que o Instituto de Medicina de Legal de Galiza experimenta un continuo e constante incremento da carga de traballo, que non é algo puntual ou episódico senón que é sostido no tempo e que as sucesivas reformas lexislativas permiten anticipar que terá continuidade no futuro, no que seguirá a ter un papel esencial no funcionamento da Administración de Xustiza, polo que non intervirse de inmediato resulta previsible que se agrave a situación que ven padecendo o IMELGA dende hai varios anos, formúlase a seguinte interpelación:

Considera a Xunta de Galiza que as reformas lexislativas aprobadas nos últimos anos, tanto ás relativas á capacidade das persoas, como á preconstitución da proba contribúen a incrementar a carga de traballo estrutural do Imelga?

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o número de postos de traballo no Imelga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal foi o incremento nos últimos 5 anos da relación de postos de traballo do Imelga?

Cantos procedementos selectivos ou de provisión de postos realizáronse nos últimos 5 anos no Imelga para a estabilización ou cobertura definitiva de prazas?

Ten prevista a Xunta de Galiza a convocatoria de procesos de provisión que atinxan a postos de traballo no Imelga?

Entende a Xunta de Galiza que a externalización da emisión dos informes que corresponderían aos equipos psicosociais do Imelga é a resposta ás necesidades estruturais do Instituto?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2025 09:54:56

Óscar Insua Lema na data 09/01/2025 09:55:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a un novo incumprimento por parte da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros para o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que, máis unha vez, os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. De novo @s profesionais do 061 denuncian que o helicóptero con base en Santiago non estará operativo desde o día 6 de xaneiro, data dende a que estará en Ourense para facer unha revisión/reparación. Segundo a información facilitada @s profesionais do servizo, o regreso é sine die, xa que non saben o tempo que pode levar as actuacións que lle teñen que realizar.

Esta situación ven a sumarse aos incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria no incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avarías.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre, toda a área norte de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos, que supón desatención ás emerxencias que poidan xurdir. A súa falta de actuación é unha mostra clara da connivencia coa empresa Eliance, concesionaria do servizo.

A Xunta ten que dar explicación de por que lle permite á empresa concesionaria dun contrato de máis de nove millóns de euros este incumprimento, máxime cando é reincidente. Ten que deixar de actuar de comercial das empresas que prestan servizos para o Sergas, deixar de por en risco a vida e a saúde d@s galeg@s, e polo tanto esixirle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor e ter helicóptero de reposto.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Por que permite a Xunta de Galiza que haxa empresas que incumpran os contratos asinados coa administración como acontece por exemplo coa empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros do 061, que incumpre de maneira reiterada o contrato asinado co Sergas para a atención ás emerxencias extrahospitalarias?

Cando vai priorizar a saúde d@s galeg@s e non a conta de resultados das empresa ás que lle ten concesionados servizos o Sergas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai esixirlle e á empresa contar cos recursos establecidos no contrato para prestar o servizo de orto a solpor os 365 días do ano e dispor de helicóptero de substitución?

Ten aberto algún expediente sancionador por esta incumprimento? Cantos e cal foi o resultado dos mesmos? De térselle aplicado algunha sanción cal é a contía?

Non considera que os incumprimentos reiterados e graves, xa que deixan desprotexida á poboación diante dunha emerxencia, son motivo máis que suficiente para rescindir o contrato?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 09:57:28

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2025 09:57:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa declaración de ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de xullo de 2011 o DOG publicaba a Resolución, do 28 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoaba o procedemento para a declaración de ben de interese cultural do conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O 10 de xaneiro de 2012 o DOG publicaba o DECRETO 249/2011, do 23 de decembro, polo que se declaraba ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, logo de seren emitidos os informes favorábeis da Real Academia Galega de Belas Artes, do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Xeografía e Historia (Departamento de Historia Contemporánea e América) da USC.

O goberno da Xunta, en aplicación da Lei de patrimonio cultural de Galiza, sustentaba este nivel de protección da obra completa de Castelao “sobre a base do seu valor simbólico e o interese do conxunto da obra en canto vehículo de concienciación e afirmación da identidade diferencial do pobo galego”.

Unha obra que debe ser lida, estudada e recoñecida na súa globalidade, pois é toda ela indisociábel como retrato complementario da Galiza contemporánea, asentada nunha forte conciencia nacional, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega e reivindicadora dos valores nacionalistas desde a defensa das liberdades democráticas.

Un legado que debe ser conservado e protexido, tal e como determina a disposición segunda do DECRETO 249/2011 co fin de:

Promover a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao, sen prexuízo do exercicio dos dereitos de propiedade intelectual polos seus lexítimos titulares, e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras.

Transcorridos trece anos da declaración BIC da obra completa de Castelao, e ao fío da declaración deste ano 2025 como Ano Castelao por parte da Xunta de Galiza, co gallo do 75 cabodano da morte do escritor, artista plástico, intelectual e político nacionalista galego referencial, cómpre facer avaliación do cumprimento dos compromisos da declaración BIC por parte do goberno do PP, así como planificar todas aquelas accións precisas para contribuír ao seu coñecemento divulgativo e expansivo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que estratexia desenvolveu o goberno da Xunta, desde xullo de 2011, vinculadas á declaración BIC do conxunto da obra de Castelao?
- Que accións foron encamiñadas á conservación da obra completa de Castelao?
- Que accións atenderon á súa difusión?
- Que accións impulsaron a súa investigación?
- Que seguimento fixo a Xunta do estado de conservación e protección do importantísimo número de obras orixinais que se conservan en numerosas institucións, así como do cumprimento das garantías de accesibilidade a estudosos, investigadores e público xeral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que seguimento fixo a Xunta do conxunto da obra de Castelao que aínda se encontra espaxada en diferentes localidades españolas e tamén en diferentes cidades europeas e americanas debido á súa condición de político exiliado?

- Colaborou a Xunta nun inventario actualizado da obra de Castelao após o realizado en 2008 e realizado en colaboración coa Fundación Castelao?

- Que accións, sostidas no tempo e en coordinación con todas as institucións culturais e entidades vinculadas ao legado de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, compromete o goberno da Xunta para promover a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao declarada BIC e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 10:27:16

Daniel Castro García na data 09/01/2025 10:28:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións laborais das traballadoras das residencias privadas e a negociación do novo convenio colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras das residencias de maiores privadas, a inmensa maioría das existentes en Galiza, atópanse inmersas no proceso de negociación do novo convenio colectivo. Até o momento, non houbo acordo coa patronal do sector toda vez que a representación sindical e as propias traballadoras non ven na proposta formulada polas empresas unha mellora das súas condicións laborais.

Cómpre lembrar que as condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas son profundamente precarias, así a modo de exemplo e partindo de casos reais, hai traballadoras con contratos indefinidos e antigüidades superiores a dez anos que non perciben nin sequera o Salario Mínimo Interprofesional. Así mesmo, os complementos por nocturnidade ou festivos son pírricos tendo en conta o traballo que deben desenvolver.

Malia que se trata de empresas privadas a práctica totalidade delas reciben importantes cantidades de diñeiro público pola vía da concertación de prazas, un feito que esixe a implicación decidida da Xunta de Galiza na garantía dunhas boas condicións laborais e salariais das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a Consellaría de Política Social nin sequera as recibiu malia solicitarlle en setembro de 2024 unha xuntanza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas?
- Que medidas adoptou ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir unhas condicións laborais dignas destas traballadoras?
- Non cre a Xunta que os fondos públicos que perciben estas empresas esixen unha maior implicación do goberno galego na garantía de mellores condicións laborais e salariais destas traballadoras?
- Por que non recibiu a Xunta de Galiza ás traballadoras? Vaino facer?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2025 10:01:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 10:01:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),**
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,**
sobre a presenza do galego no material de promoción da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 10 de decembro tivo lugar a entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. Á saída do acto, ao que asistiron, ademais das persoas premiadas, representantes institucionais, entregáronse varios agasallos, entre eles unha axenda en inglés e castelán co logotipo da Xunta de Galiza.

A edición e entrega por parte da Xunta de Galiza deste material de cortesía no que se exclúe por completo a presenza da lingua galega incumpre todos os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2024 (por exemplo, “Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.”), e da Lei de Normalización Lingüística de 1983 (por exemplo, “Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.”, ademais do propio Estatuto de Autonomía de Galiza (“Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”, feito que non se comprende por innecesario e desapropiado.





Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Por que o goberno galego edita material de promoción co logotipo institucional da Xunta de Galiza no que se exclúe por completo a lingua galega?
- Ten previsto o goberno galego corrixir a exclusión da lingua galega no material institucional de cortesía que edita?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 11:54:20

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 11:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 09/01/2025 11:57:09





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere o Sr. Rueda pero non os que necesita unha Galicia que sofre un atraso -en termos comparativos- respecto España, e que a propia Xunta de Galicia cifra en 6 anos.

Crecemos é certo, pero a un ritmo moito menor tanto a nivel macro como micro económico. Como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, informes da AIREF, informe FUNCAS o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1 % de crecemento interanual. Un punto menos. Segundo os derradeiros datos da EPA, o paro en Galicia baixou, pero a un ritmo 6 veces inferior á media.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.





Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego se reduza máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a Oficina económica no Igape, a sociedade Impulsa, ou doutros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

De novo, repítese o mesmo esquema ó que xa nos ten acostumados o Goberno galego: unha absoluta falta de eficiencia entre órganos interadministrativos que funcionan como illas desertas desconectadas. Iso si a propaganda e os anuncios funcionan moi ben. Pero se ollas cara a dentro, as cousas non funcional tamén.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:01:30
Nº Rexistro: 16453
Data envío: 09/01/2025 12:01:30.282

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas vai a poñer en marcha o Goberno galego para que os datos de crecemento económico se acheguen á media do conxunto do Estado? Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1% no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1% de crecemento interanual?
2. No mercado laboral, que políticas activas de emprego vai a promover o Goberno galego tendentes a evitar o despoboamento, a fuxida de talento dos xoves formados para que os datos de poboación activa ocupada se aproximen o crecemento do conxunto de España?
3. Vai o Goberno galego a enviar trimestralmente ao Parlamento galego un informe sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina económica de Galicia?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:44:38

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:44:48

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57340

@PSdeG



CSV: BGRISJTBG4JX3EWM398-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno galego do PP leva anos vetando de xeito sistemático o envío de documentación solicitada polo Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do artigo 9, como se amosou durante a celebración da Comisión de investigación constituída para depurar responsabilidades políticas polas irregularidades detectadas na contratación pública do Goberno galego. Os socialistas de Galicia, pretendemos ser unha oposición útil e realista e fortalecer a nosa democracia e impulsar unha política máis transparente, limpa, honesta e propositiva ao servizo do interese xeral.

O Partido Popular de Galicia pola contra, non quere que se investigue nada de nada. Converteron a Comisión de investigación constituída para investigar as irregularidades na contratación pública nun auténtico paripé. Deixárona baleira de contido.

O PPdG é o partido político responsable de que se prive á cidadanía galega de coñecer a verdade sobre as irregularidades do expediente de contratación de colaboración público privada na construción e posta en funcionamento do novo Hospital Álvaro Cunqueiro -irregularidades postas negro sobre branco polo Consello de Contas-; das irregularidades das contratacións realizadas polo Goberno galego durante a pandemia, así como do incremento exponencial de contratos adxudicados -sobre todo contratación menor- a empresas con vínculos familiares e persoais de altos cargos do Goberno galego e do presidente da Xunta de Galicia durante 13 anos.





Un dos exemplos máis claros desta falta de transparencia e deste obstrucionismo ao labor de fiscalización da oposición é a negativa a enviar a documentación - solicitada en numerosas ocasións pola vía do artigo 9.

As e os socialistas de Galicia temos pendentes de contestar as seis solicitudes de documentación contractual, vía artigo 9 do regulamento, rexistrada o 21 de agosto de 2024. Opacidade e falta de transparencia. Mesmo patrón. da contratación relacionada coa COVID, a denegación dos contratos de emerxencia asinados coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 ou MAPE ASESORES, por valor de máis de 30 millóns de euros e adxudicados a dedo entre abril de 2020 e decembro de 2021.

Outro exemplo de obstrucionismo e ocultación é o relacionado coa contratación da Xunta de Galicia co Grupo EULEN, coa que a Administración autonómica asinou contratos por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos. Dáse ademais a circunstancia de que moitos destes contratos foron adxudicados por entes instrumentais do sector público autonómico – como por exemplo, o Sergas, Consorcio de Servizos sociais, CRTVG, ATRUGA- nas que existen indicios certos de irregularidades como o fraccionamento do obxecto cos contratos- prohibido no artigo 118.3 da LCSP- para evitar a concorrência pública ou o encadeamento de contratos ano tras ano. O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é unha obriga da Xunta de Galicia e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polos deputados e deputadas e que ten que rematar o veto do envío desta documentación ao Parlamento. E ademais, é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:02:37
Nº Rexistro: 16459
Data envío: 09/01/2025 12:02:37.189

A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia enviar ao Parlamento toda a documentación solicitada en relación cos contratos de emerxencia da COVID e nomeadamente os expedientes de contratación coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 e 2021?
2. Ten previsto a Xunta enviar todos os contratos adxudicados pola distintas entidades do sector público autonómico ao grupo EULEN desde o ano 2009, estudando os diferentes tipos de contratación e analizando de xeito específico a contratación menor con este grupo empresarial por parte da Xunta e os seus entes instrumentais ao longo do período 2009-2025?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 11:37:34

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 11:37:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o gromo de gripe aviar en Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de xaneiro detectouse no país veciño Portugal, o primeiro foco de Influenza aviar altamente patóxena (IAAP) en aves de curral, nunha explotación de 55427 galiñas poñedoras, das cales 279 resultaran mortas. Este aumento da mortalidade e detección de síntomas fixo saltar as alarmas e confirmouse, deste xeito, o primeiro caso deste país da tempada, adoptándose de inmediato as medidas esixidas no Regulamento Delegado (UE) 2020/687 da Comisión.

No resto de Europa derivado, entre outros factores, do descenso das temperaturas e os movementos migratorios de aves silvestres nesta época do ano, incrementou a circulación e diseminación do virus, coa detección nas derradeiras catro semanas de 99 casos de IAAP H5N1 en aves silvestres de 14 países, 23 casos en aves cativas de 7 países e 33 focos en aves de curral en 8 países, a maioría deles confirmados en Centroeuropa.

No Estado español, aínda que non se teñen detectado nesta tempada casos de IAAP en aves de curral, dende o 1 de xullo de 2024 temos datos oficiais recadados para saber que no nosos país se confirmaron 19 casos en aves silvestres e 1 caso en aves cativas sendo, polo tanto, unha zona que cómpre ter en consideración á hora da vixilancia, evitando deste xeito posibles males maiores que afecten á industria da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avicultura e a poboación galega. Non debemos esquecer que actualmente, en EEUU se está dando unha situación preocupante con respecto desta enfermidade, que levou a declarar, por exemplo, o estado de emerxencia en California ao producirse a primeira morte dun humano derivada da gripe aviar, e que este adquiriu do contacto con aves infectadas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

. Hai algún tipo de control da Xunta de Galiza sobre as importacións e exportacións con análíticas específicas extra nos casos do transporte de animais vivos ou ovos cara o país veciño tras a nova do contaxio de gripe aviar en Portugal?

. Estanse aconsellando medidas extraordinarias en centros onde se produce contacto entre persoas traballadoras e aves na actualidade, tales coma matadoiros, granxas, centros de reprodución, etc, tras o falecemento dunha persoa por H5N1 en California?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 09/01/2025 12:16:24

Sonia Vidal Lamas na data 09/01/2025 12:17:15

Secundino Fernández Fernández na data 09/01/2025 12:17:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a urxencia de reactivar os Equipos de dinamización da lingua galega nos centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 3 de xaneiro de 2025 publica a Resolución do 11 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública e privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2024/25.

Ao longo dos últimos 15 anos de goberno do PP estas convocatorias, que teñen por obxecto o fomento do uso do galego, foron moitas veces cuestionadas polas comunidades educativas e polo profesorado que asume unha responsabilidade extraordinaria a maiores das funcións estritamente docentes por causa do exíguo (e conxelado) orzamento dedicado desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como pola falta de correspondencia e adecuación da convocatoria de axudas ao calendario lectivo: a convocatoria adoita ser publicada entre decembro e xaneiro (rematado o primeiro trimestre escolar) e a resolución é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coincidente coa fin de curso o que crea grandes prexuízos á hora de planificar e desenvolver o propio proxecto presentado polos centros.

Chama a atención que, nun momento de máxima preocupación sobre a dramática situación sociolingüística actual e onde a escola é identificada como un dos espazos principais de desgaleguización do alumnado, o goberno non teña corrixido ningunha das demandas históricas e ademais publique unha convocatoria rutinaria e mimética a respecto dos 15 anos anteriores.

Desde o BNG interpretamos que o goberno do PP se declara incapaz de dar unha resposta axeitada e adaptada ao presente da aprendizaxe da lingua na escola para impulsar o labor e as funcións dos Equipos de dinamización da lingua galega, que levan anos navegando sen rumbo ao ter renunciado o PP a dotalos da necesaria formación específica en normalización e dinamización da lingua galega e da orientación en liñas de accións verdadeiramente normalizadoras en función do contexto sociolingüístico de cada centro.

Asemade, resulta inexplicábel que os criterios de baremación dos proxectos sigan a repetirse ano tras ano, unha inercia que confirma o nulo avance nos obxectivos propostos na propia regulamentación normativa, malia non ter feito pública nunca o goberno ningunha avaliación do resultado dos proxectos dos Equipos de dinamización da lingua galega a favor do fomento do uso do galego.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que avaliación fai o goberno do cumprimento dos obxectivos e funcións que regulan os Equipos de dinamización da lingua galega?

- Entende que a súa realidade nos centros educativos debe continuar tal e como regula o Decreto 79/2010 ou precisa dunha revisión e actualización á realidade sociolingüística actual?

- Que actividades de formación está a planificar o goberno da Xunta dirixidos tanto a responsábeis da coordinación como a membros dos EDLG?

- Que formación recibe o profesorado que accede por primeira vez á coordinación dun EDLG?

- Considera o goberno que acceder a unha axuda máxima de entre 270 e 1.200 euros permite desenvolver un proxecto de fomento de uso do galego de relevancia nun centro educativo ao longo dun curso?

- Como ten avaliado a Secretaría Xeral de Lingua o resultado das convocatorias de axudas para fomento do uso do galego nos centros educativos?

- Por que non teñen mudado as bases da convocatoria en ningún momento nos últimos 15 anos? Pensa o goberno que a realidade sociolingüística non mudou?

- Á vista dos actuais datos de coñecemento e uso do galego publicados polo IGE, entende o goberno que permanecer na inercia dunha convocatoria de axudas rutineira é a mellor proposta para motivar os EDLG dos centros educativos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto impulsar novas accións vinculadas á reactivación dos EDLG nos centros educativos?

- Que proxecto político defende o goberno da Xunta para os Equipos de dinamización da lingua galega ao longo da presente lexislatura?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 09/01/2025 13:17:20

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 13:17:24

Cristina Fernández Davila na data 09/01/2025 13:17:33






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 13:17:47





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

